

OS SENTIDOS

Completa:

O sentido que nos permite apreciar os olores é o **olfacto**. O órgano do olfacto é o **nariz**. Este ten dous orificios chamados **fosas nasais** e están separadas polo **tabique nasal**.

Nas fosas nasais atópase a **pituitaria** que nos permite distinguir os olores e están protexidas por uns **peleños** e a mucosidade que impiden que pasen ao pulmón impurezas e evitan problemas **respiratorios**.

O órgano da lingua pertence ao sentido do **gusto**. Gracias as **papilas gustativas** distinguimos os sabores que diferenciamos en **doce, amargo, salgado, ácido**. Para percibir ben os sabores as substancias teñen que disolverse coa **saliva**.

As **cellas**, as **pestañas**, e as **pálpebras** protexen aos ollos. Estes son os **órganos** do sentido da **vista** que nos permiten distinguir as cores, as formas e o tamaño das cousas. Para manter os ollos húmidos necesitamos as **glándulas lacrimais** que tamén os protexen.

O globo ocular está formado polo **iris**, un anel, que pode ser de distintas cores. A **pupila** que é por onde entra a luz ao interior do globo ocular. E unha capa que o recubre chamada **retina**. O **nervio** óptico manda a información ao **cerebro**.

Co sentido do **oído** captamos os sons. O órgano deste sentido é o **oído** e está dividido en: **oído externo, oído medio e oído interno**. O son, entra pola **orella**, pasa polo **conducto auditivo** e choca co **tímpano**, que empeza a vibrar. As vibracións transmítense a **cadea de ósos finos** e chegan ata o

caracol. E desde o caracol, os sinais viaxan polo nervio auditivo ata o cerebro.

O sentido do tacto permítenos apreciar o frío e a calor, a dor, se son obxectos suaves, rugosos, ect. O seu órgano é a pel que protexe todo o noso corpo.